



“O escritor en xeral e o poeta en particular é unha persoa que se exhibe moito”

Nuria Martínez Rey 28/12/2016

<https://sumagora.coruna.gal/2016/12/28/o-poeta-e-unha-persoa-que-se-exhibe-moito/>

Henrique Rabuñal naceu en Pastoriza (Arteixo) no ano 1962. Escritor prolífico e catedrático de lingua e literatura galegas no IES Agra do Orzán. Cultivou diversos xéneros literarios, entre eles, a poesía, o teatro, a narrativa breve ou o ensaio, e participou nun total de 100 obras colectivas.

Dende abril de 2009 a [Biblioteca Central do Concello de Arteixo](#) leva o nome de Henrique Rabuñal, como escritor recoñecido e arteixán de nacemento.

Henrique achégase á [Biblioteca Ágora](#) para participar da sección “*Conversas con...*” e falar con nós das súas facetas como **escritor**, **docente** e **investigador**, pero sobre todo para compartir o seu **amor pola lingua e literatura galegas** e deixarnos unha marabillosa aprendizaxe: *as creacións literarias son como lanternas que entran no corazón e na alma dos humanos para ensinarnos o que somos, o que podemos ser de bos e de malos.*

A biblioteca e o barrio...

Antes de comezar moitas grazas por achegarte á [Biblioteca Ágora](#) para participar na sección “*Conversas con...*”. Nós á parte de pola túa prolífica carreira como escritor coñecémoste pola túa labor de docente no IES Agra do Orzán co que compartimos barrio. Cal é a túa imaxe deste barrio no que conviven biblioteca e instituto?

Levaríame a unha reflexión complexa porque é un barrio ao que estou ligado. Eu son nacido no concello de Arteixo e cando empezou a habitarase o barrio, moitas persoas que eu coñezo -incluso da miña familia- foron as que viñeron a ocupar inicialmente o espazo. Aquí dase moito a dialéctica entre o rural, o urbano, a cultura propia, a adquirida e por falar do tema da lingua que a min é un tema que me interesa moito, a lingua coa que viña moita xente progresivamente deixou de transmitirse a fillos e a netos. E digamos que nos últimos anos é un barrio ao que veu vivir tamén xente de moitas culturas, de moitas linguas, de moitos países, un barrio obreiro, un barrio onde se nota cando hai unha época de crise. Todos os que traballamos no barrio notamos como esa crise se ceba especialmente con esa xente que está nunha situación máis precaria

laboralmente. Pero ao mesmo tempo creo que tamén é un barrio de oportunidades, de boa xente que ten que loitar durísimo para saír adiante.

E cal é a imaxe que percibes deste centro sociocultural sito nun barrio no que conviven tal pluralidade de culturas?

A sensación que creo que ten moita xente é que é como un **luxo**. É dicir, nun barrio onde se desenvolveu un tipo de urbanismo, un tipo de ocupación do espazo, cunha carencia endémica de lugares arquitectonicamente incluso de calidade, de servizos para a xente como os que pode ofrecer a biblioteca ou servizos sociais que tamén están integrados no edificio, actividades... pois eu creo que todo o mundo, en particular os alumnos porque falo con eles, veno como unha posibilidade de interacción cunha institución pública que ofrece **servizos de calidade** nun **espazo de calidade**.

A faceta de Henrique como creador literario...

A túa actividade literaria comeza nos anos 80 e abarca dende poesía, teatro, narrativa, ensaio... ti como te definirías como creador?

Eu creo que isto de andar tocando tantos paus ten aspectos positivos e negativos. O negativo é que non acabas de estar en ningún sector moi definido. Son unha **persoa** moi **inquieta**, que ten **moitos intereses**. Como di [Manolo Rivas](#) -non sei onde llo escoitei- o problema que ten é que lle interesa todo, que o conmove todo. E a min, salvando moito as distancias, pásame algo parecido. A **poesía** creo que foi inicialmente e incluso no tempo o **fío condutor**. Creo que a poesía é como a raíz do edificio literario. Hai pouco escoiteille a [Eli Ríos](#), que gañou o premio Torrente Ballester, dicir que ela se expresaba comodamente na poesía ate que necesitou outro formato. Creo que o teatro e a narrativa breve que eu máis cultivei están relacionados tamén coa poesía dalgunha maneira. E despois hai unha parte tamén da miña obra que ten que ver coa miña condición de **profesor**, de **investigador**. Ao longo da miña vida presentáronse oportunidades de dedicarme a estudar a vida -intelectualmente falando- doutros e tamén foi un traballo moi pracenteiro.

Hai algunha faceta na que ti te sintas máis cómodo?

A verdade é que me sinto cómodo en moitas, pero **especialmente na da poesía**. Nunca deixei de escribir poesía e considéroa a como unha **necesidade** case **desta sociedade**. Ás veces comento cos alumnos, que teñen unha visión da poesía como algo que non vai con eles, que non é do seu tempo, que non di cousas que teñan que ver con eles e dígolles eu, que equivocados estades porque a poesía, como tantas cousas da literatura e da cultura, están moi pendentes do que nos pasa aos seres humanos.

E ti en que te inspiras para escribir?

Eu creo que en todo proceso de creación na escrita hai dous momentos ou **dúas vertentes**. **A que ten que ver contigo**, e eu moitas veces penso que o escritor en xeral e o poeta en particular é unha persoa que se exhibe moito, exhibe a súa intimidade, os seus dramas, os seus problemas. Todo ese mundo interior está en xeral no traballo literario e tamén no traballo poético. Por exemplo, a morte de meu pai suscitoume escrita e reflexión, a miña familia, a vida amorosa, a relación coas claves infantís, coa paisaxe, a interacción coa cidade. Eu son unha persoa moi preocupada pola cidade, escribín unha pequena historia da Coruña, [A Coruña na historia](#), porque

me interesa moito a vida institucional pero tamén esa intrahistoria. Entón dicía, por un lado esa viaxe cara dentro, pero despois obviamente na historia da literatura e da arte en xeral hai que estar moi **atentos ao que acontece ao teu arredor, ás persoas** que conviven contigo. Eu tamén intento introducir na miña literatura o que poderíamos chamar en xeral a **temática social**, as **guerras**, temas que teñen que ver tamén coa **identidade** e a **lingua propia**.

Sobre a literatura en xeral e a galega en particular...

Hai algunha obra como lector que te marcasse especialmente?

Moitas, por exemplo, na literatura galega unha obra que me marcou foi o [Hamlet de Cunqueiro](#), unha obra aparentemente breve, sinxela, que recolle toda unha tradición cultural, literaria, teatral. E pensei, como se pode xogar en galego con toda esa tradición e facelo ben? E facelo nos anos 50 nun momento no que a cultura galega e a literatura estaban moi desordenadas. Foi un texto ademais que lin moitísimo, que escrutei moitísimo. E fóra da literatura galega, a narrativa de [García Márquez](#) pareceume increíble ou na literatura portuguesa un poeta que me interesou moito foi [Fernando Pessoa](#). Unha persoa que un non sabe se tivo biografía pero si tivo esa lucidez lúdica para xogar coa súa propia identidade, para crear diversas identidades, heteronimias, e sobre todo, creo para construír un discurso literario que a min me interesa moito que é sobre o texto, o texto como universo.

E nun sentido máis amplo, cales son os teus referentes?

Teño que recoñecer que son unha persoa moi instalada na **literatura galega** coas vantaxas e inconvenientes que iso implica. Cando empecei a escribir, dixen eu como mínimo teño que coñecer ben a **Rosalía de Castro**, ou a **Blanco Amor** ou a **Cunqueiro**. Hai 20 anos un case podía ler todo o que se publicaba, agora xa é imposible porque o número de títulos anuais só en galego ultrapasaba os mil. Un quereda ter varias vidas para ler moitísimas máis cousas.

Entón, cal é a túa visión da produción literaria en lingua galega na actualidade?

Eu creo que chegamos a uns niveis de **excelencia** impensables. Non quero facer comparacións porque son moi perigosas, pero eu que coñezo ben a literatura galega do XIX, da primeira parte do XX, digamos os clásicos da literatura galega e agora penso nalgúns figuras, algunhas que xa non están con nós como podía ser [Agustín Fernández Paz](#) ou outras que si están, incluso de xente máis nova, e digo que novelística temos en galego máis impresionante! De calidade, de variedade, de todos os rexistros, para todos os públicos, todos os temas, incluso moitas cousas que están de moda no mundo foron anunciados ou foron xa cultivados na literatura galega. Sobre todo na narrativa, pero na poesía tamén hai unha renovación permanente. E no teatro, pasa como case sempre, hai moitos problemas para ser editado e nótanse os recortes que houbo no número de compañías e actrices, actores e outros técnicos do teatro o están pasando mal. Tamén houbo unha redución drástica dos medios de comunicación en galego, aínda que naceron marabillas como a [Revista Luzes](#) ou [Tempos Novos](#). Entón a miña é unha visión de que estamos na excelencia e tal vez, como dicía un amigo meu, **nunca tanto se leu a pesar de que se di que se le pouco**, pero claro, no ano 1950 lía moitísimo menos e no 75 moitísimo menos. Entón nese sentido algo de esperanza teño, a pesar de que onte lía un traballo dun sociolingüista da [Universidade da Coruña](#) que dicía que os nenos das cidades galegas cada vez viven máis alleos á lingua galega.

Vivimos tempos de excelencia na nosa literatura pero cada vez fálase menos galego...

É un problema que ten especial incidencia nas cidades, nas sete cidades. Hai unha cousa que eu constato -levo 30 anos dando clase e xa teño unha perspectiva- os propios rapaces e rapazas din que nas súas casas non se fala galego. Resúltalles unha lingua artificiosa, artificial, exótica, e non saben palabras ou cousas moi básicas. Incluso en clase de lingua e literatura galega non interveñen en galego ou nos exames mesturan o castelán. Aí hai un **grave problema** que eu creo que só podería ter **solución con dúas cousas**:

- Cun **cambio de políticas**, porque no fondo cando unha sociedade avanza nun ámbito -sexa violencia de xénero, tratamento das persoas con diversidade funcional- detrás ten que haber unha política dunha institución que traballou, que puxo recursos, que puxo o acento. Aquí eu creo que falta unha política global, transversal, non partidaria, unha política de país a favor do galego.
- E despois eu creo que fai falta tamén o que eu chamaría unha especie de **rebelión cívica**. Eu que xa teño uns cantos anos recordo cando a transición e os primeiros anos da democracia chegamos a un punto no que equivocadamente pensamos que a democracia estaba conseguida, que as cousas estaban conquistadas e que había que deitarse e sentarse a vivir placidamente. E estamos vendo que non e sobre todo, neste momento, eu creo que se non hai nas rúas e na sociedade esa rebelión as cousas non se conseguen. E o tema do galego é unha cuestión na que temos que saber rebelarnos para non seguir nesta senda tan descendente e preocupante.

Sobre a educación e o modelo de escola...

Cal é a túa percepción do sistema educativo neste momento?

Todo este debate que hai ás veces con motivo dos [Informes PISA](#) é como cando se fala dos datos da enquisa de poboación activa. Cando vexo os datos penso, estanse escrutando ben os problemas do mercado laboral? Creo que non. E o de PISA paréceme un pouco un engano. Por que digo un engano? Porque é como un catálogo de países, onde van subindo e baixando nunha escala que para min **non entra nos problemas reais que ten o sistema**. E creo que a [LOMCE](#) lonxe de resolver non entra neles e ademais crea un modelo de escola que, polo menos está nas antípodas do que eu creo que debe de ser a escola. Se entras dentro dos edificios, dentro das aulas e dos claustros o que detectas é problemas de **falta de medios**, de medios humanos. Eu vivín nos últimos anos -vivimos todos- como foi desaparecendo unha cousa aquí, unha cousa alá, un profesor aquí, outro alá, un coidador aquí, outro alá e todo iso sempre en contra dos que tiñan máis necesidades dunha axuda extra, falo do sistema público claro. O **profesorado** creo que se sente especialmente **desprezado, abandonado** e case **impotente** de levar a cabo dunha maneira digna o seu papel.

Cal sería ese modelo de escola que ti defendes?

Eu defendería un modelo de escola laica, unha escola pública da que non se detraesen tantísimos recursos para outros modelos de escola que son modelos que poderíamos respectar no papel se cumprisen tamén condicións e dou un exemplo. Cando hai alumnado por diversos motivos conflitivo a escola pública creo que o absorbe case no 100% e hai escolas e modelos de escola subsidiados con fondos públicos que non queren ter ese alumnado. Entón unha escola **laica**, unha escola **pública**, unha escola **galeguizadora**, unha escola **inclusiva** de todas as diversidades, unha escola que ademais de formar curricularmente, **forme cidadáns**, unha escola onde as

ferramentas de participación mais que diminuír aumenten, en fin, unha escola verdadeiramente **democrática**, unha escola **plural** e unha escola que **necesita fondos, medios e recursos materiais e humanos**.

A faceta de Henrique como investigador...

Moito do traballo que tes publicado como investigador está dedicado á figura de Manuel Murguía, que representa para ti?

[Murguía](#) naceu no mesmo concello ca min e foi bautizado na mesma igrexa ca min. Iso espertou en min un interese dende que estudaba no bacharelato. Empecei a investigar e atopeime cunha **figura** moi **controvertida**, moi **poliédrica**, unha persoa que desde a **perspectiva** estritamente **intelectual** é unha persoa dunha **riqueza de matices impresionante**, unha persoa que empezou a crear a idea do que hoxe chamaríamos **compromiso co país** e realmente a persoa que puxo en marcha todo o tren do galeguismo nas súas diversas vertentes. Foi ademais, unha das primeiras persoas que empezou a **escribir a historia galega** desde unha **perspectiva propia** e a crear e cocrear unha infraestrutura ao servizo da nosa cultura como pode ser a [Real Academia Galega](#). Entón, unha personalidade que me ensinou moito porque a partir del tamén entendín moito mellor a Rosalía, entendín en parte a Pondal, entendín moitísimas cousas da nosa historia contemporánea. Foi unha marabilla encontrarme con el, **unha persoa moi pequena fisicamente pero dunha estatura intelectual enorme**.

Tamén tes investigado moito no eido do teatro galego, que é para ti o teatro?

Cando acabei a carreira e pensei en facer a tese, unha das cousas que comprendín é que o teatro galego era un territorio menos desenvolvido que outros, con moitas eivas, con moitas carencias e naquel momento incluso insuficientemente coñecido. Había daquela basicamente os libros de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado, que son os piares nos que se edifica toda a historiografía posterior e a partir de aí empecei a estudar o teatro galego do XIX, da primeira parte do XX e despois xa seguí con autores mais próximos a nós.

Henrique ten escritos varios libros dedicados ao teatro galego, así como tamén a figuras clave como Marinhoas del Valle ou Lugo Freire.

Cando me preguntan os alumnos que é o teatro, eu sempre digo que o teatro é **un actor diante dun espectador**. Eu tiven a sorte de presenciar na Coruña un espectáculo de [Darío Fo](#) e quedoume gravadísimo. Apareceu creo que era no Teatro Rosalía cun micrófono el so e púxose a falar. Isto é o teatro, **un corpo, unha voz, un actor diante dun público**. Tamén ten que ver coa poesía, de feito, houbo grandes poetas que fixeron teatro e viceversa, por esa viaxe que propoñen aos grandes problemas humanos que no fondo creo que é o obxectivo da literatura. Son como lanternas que entran no corazón e na alma dos humanos e din, mirade o que somos, o que podemos ser de bos e de malos, porque é certo que podemos ser o mellor e o peor.

Proxectos actuais e de futuro...

Recentemente saíu publicada en Laiovento un libro sobre as Irmandades da Fala do que es co-autor. Fálanos un pouco desta obra...

O profesor [Uxío-Breogán Diéguez](#) encargounos a varias persoas que falásemos do que foron as Irmandades da Fala en diversos ámbitos: no ámbito da presenza da muller, na relación co movemento agrarista, e a min tocouse en concreto o tema do teatro. Vendo o libro no seu conxunto o que un pode apreciar é como hai 100 anos realmente esas persoas eran tan innovadoras, tan avanzadas, non só na defensa do país e na defensa da lingua galega senón moi avanzadas en moitos aspectos da sociedade, da construción política, do feminismo, da lingua. Entón é unha obra que ten como interese esa pluralidade de rexistros que todos sumados dan unha imaxe espléndida dunha xente que era moi plural, moi diversa.

Vistas 100 anos despois, a mirada non pode ser mais agradecida. Á parte de que estaban pendentes de todo, non só da gran política e de que Galiza tivese un autogoberno, senón tamén de algo que hoxe segue sendo tema de actualidade como as comunicacións ferroviarias, as comunicacións terrestres, a axenda social, os aranceis, as exportacións, os problemas da agricultura cando o 90% da xente vivía da agricultura. Deixaron unha pegada moi forte na cultura galega nas xeracións posteriores e eu, nese sentido, síntome moi herdeiro deles.

Nestes momentos tes algunha obra en vistas de publicar ou algún proxecto novo que nos poidas adiantar?

Teño un libro de poemas que fun construíndo durante varios anos, que contén textos que me pediron para libros, para homenaxes, e está practicamente acabado. Estou nese proceso de darlle voltas pero espero acabalo antes de que acabe este ano e a ver se o podo publicar no ano que ven.

Podes compartir con nós o título?

O que teño provisorio é ***Caderno da derrota***, porque estou convencido dunha cousa, na biografía de todos nós, de todas nós, hai éxitos e fracasos. Non coñezo a ninguén, salvo que sexa un mentireiro, que a súa vida xa estea constituída só por éxitos e espero que tampouco o contrario. Aquí falo de derrotas, de éxitos e hai unha parte fundamental no libro onde falo de dramas, de cando as cousas non van ben ou non tan ben como queres. Todas esas son probas que a vida ás veces nos pon e que difícil é avanzar, seguir, superar esas probas adversas.

Henrique recomenda...

Un libro... Eu son amigo de [Antón Riveiro Coello](#), que me parece un dos novelistas mais brillantes que temos e recomendo ***Os elefantes de Sokúrov***. Disfrutei moito con esa novela e creo que calquera persoa que a lea a partir de certa idade disfrutará.

Un disco... Gústame moito a **bossa nova** no seu conxunto. Aparentemente simple, pero tivo tamén elementos de afirmación da cultura, da antropoloxía, dun mundo como é o latinoamericano en xeral e brasileiro en particular ao que eu estou unido por varios vínculos culturais e humanos e que me parece que algún día podería ser unha oportunidade para a nosa cultura.

Unha película... ***Esquece Monelos*** porque é unha película que eu creo que vale para calquera cidade do mundo, para calquera cidade galega aínda que está pensada para A Coruña. É unha película que fala do alzheimer, que é unha cousa universal que nos afecta a todos e que fala tamén de algo que é moi importante: que fácil é destruír, incluso destruír a vida dun río, destruír

casas, destruír biografías, e que difícil é ás veces encontrar o curso do río e os vestixios do destruído. Paréceme moi interesante.

Un lugar... Hai moitos lugares, moitas cidades que me impactaron, que me impresionaron pero por que non falar dun lugar galego? A min hai un lugar en Galiza que me sobrecolle moito que é **O Courel** no seu conxunto. Fun aí por motivos literarios, por [Uxío Novoneyra](#), que para mi foi un mestre, un amigo, unha persoa xenerosísima, que fixo literatura galega nunha época na que non había -exaxerando un pouco- nin literatura galega e el xa a facía, non había defensa do galego, el xa a facía, non había institucionalización e el xa a esixía. Entón fun alí á súa casa e quedei impresionado.

Un soño... Todos terían que ver moito coa organización social, da nosa e do conxunto da sociedade. Podería facer case unha batería de soños. Unha cousa que me está impactando moitísimo ultimamente é a violencia sexual exercida contra nenos, contra nenas e contra mulleres. Un soño? **Unha sociedade que avanzase** claramente no combate **contra esas violencias**. E por concluír, dúas cousas máis. O outro día escoitaba a alcaldesa de Barcelona dicir como se pode consentir en España a pobreza infantil, e eu diría a pobreza infantil e a pobreza enerxética e a pobreza deses vellos que poderían ser meus pais -que xa non viven- que traballaron toda a vida, que disfrutaron moi pouco, que chegaron ao final cunha pensión mínima. Tamén **intentar resolver** esta **desigualdade** e esta **precariedade**. E a última, [Cunqueiro](#) dicía que o **galego** tiña que durar **1000 primaveras máis**. **Apúntome a ese soño**.